



Concello de Cangas

CERTAME CONCELLO DE CANGAS DE CARTAZES DO ENTROIDO

BASES

1.- O obxecto deste certame é seleccionar o cartaz para empregar na difusión do programa do ENTROIDO 2025, que organiza a Concellería de Cultura do Concello de Cangas. Neste certame poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, e poderán presentar, cada unha delas, cantas obras desexen, coa condición indispensable de que sexan orixinais, inéditas e non premiadas nin publicadas.

2.- Os orixinais serán de tamaño DIN A-3, en branco e negro ou color. No caso de se presentaren deseños realizados en ordenador, xuntarase un arquivo do cartel en formato TYF ou JPG.

3.- Os orixinais que se presenten, deberán incluír necesariamente os seguintes textos:

- ENTROIDO 2025
- CONCELLO DE CANGAS

4.- O prazo de entrega dos traballos rematará o día **15 de Febreiro do 2025**. Deberán remitirse á CASA DA XUVENTUDE - Rúa Real - 36940 CANGAS. No reverso do cartel deberá levar unha lenda que servirá así mesmo para identificar o sobre pechado cos datos persoais do autor/a, có seu enderezo, teléfono, e fotocopia do D.N.I., que debe acompañar o cartel. No caso de envialos por correo, o Concello de Cangas non se fai responsable de posibles danos, nen extravíos, como tampouco da súa devolución.

Os traballos non premiados deberán recollese na Casa da Xuventude no prazo de 30 días naturais, contados dende a finalización da Exposición dos traballos presentados. Os que non se recollan neste prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas. Os gastos de envío e devolución correrán por conta dos concursantes.

Os participantes asumen a responsabilidade derivada de plaxio ou de calqueira outra transgresión da legislación vixente sobre dereitos de autor na que poidan incorrer cos traballos que presenten

5.- Establecense os seguintes premios:

- Un premio de 400 Euros para o gañador absoluto.
- Tres accesits de 60 euros para escolares menores de 18 anos (nados no ano 2006 e posteriores)

O premio estará sometido á normativa fiscal que proceda aplicar.

6.- O xurado estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función en número impar e presidido polo Sr. Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Cangas ou persoa en quen delegue. No caso de estimalo oportuno o xurado poderá declarar desertos ou compartidos algún ou tódolos premios, así como outorgar mencións especiais.

O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer o día 19 de febreiro a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

7.- O cartel gañador será o anunciador do Entroido 2025 en Cangas, e pasará a ser propiedade do concello, xunto co resto de carteis premiados con accesit, que posuira, entre outros, os

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

dereitos de reprodución, difusión e transmisión.

8.- O Concello de Cangas resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos os carteis presentados ó Certame, en local e datas que se determinarán.

9.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

10.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.

Cangas, xaneiro 2025
CONCELLERÍA DE CULTURA

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850